

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

RESOLUCIÓN do 12 de febreiro de 2021 pola que se convocan as actividades de formación continua para o persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico e da Administración institucional.

Unha vez aprobado o programa de actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o ano 2021 polo Consello Reitor deste organismo, de conformidade co artigo 6.2 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, procede convocar as actividades de formación continua correspondentes ao primeiro semestre do ano 2021 para o persoal ao servizo da Administración xeral autonómica de Galicia, da Administración institucional e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico enunciadas na letra a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que se detallan nos anexos desta resolución,

RESOLVO:

Convocar as actividades formativas que figuran no anexo II, que deberán desenvolverse segundo as bases detalladas no anexo I.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública

ANEXO I**Bases****Primeira. Requisitos dos/das participantes**

1. Poderá participar nas accións formativas convocadas nesta resolución o persoal empregado público destinado na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nas entidades públicas instrumentais enunciadas na letra a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na Administración institucional, que se encontre en situa-



ción de servizo activo (incluído permiso por parto ou maternidade, adopción ou acollemento ou excedencia polo coidado dun/ha fillo/a ou dun/ha familiar) e que reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria e para cada un dos casos no anexo II.

Está exceptuado o persoal docente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade; o persoal das escalas dos corpos da Policía de Galicia e bombeiros; e o persoal do Servizo Galego de Saúde. Non se entende por tal o persoal empregado público da escala de saúde pública e Administración sanitaria creada pola Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas de persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Sen prexuízo do anterior, poderán ofertarse actividades formativas ao persoal empregado público pertencente a outras entidades, organismos e institucións públicas, cando así se estableza na epígrafe «persoal destinatario» da actividade formativa.

Segunda. *Desenvolvemento das actividades de formación*

Os cursos realizaranse cos requirimentos, a duración e as condicións que para cada un deles se indiquen na convocatoria. A información relativa ao desenvolvemento das actividades, así como as súas posibles modificacións, será actualizada e ampliada na páxina web <<https://egap.xunta.gal>>.

Terceira. *Solicitudes*

1. O prazo de presentación de solicitudes será de dez días a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes de participación nas actividades formativas só poderán realizarse mediante o formulario de matrícula telemática, dispoñible no enderezo <<https://egap.xunta.gal/matricula>> desde as 8.00 horas da data de inicio do prazo de presentación de solicitudes e ata as 23.55 horas da data de finalización. As solicitudes entenderanse presentadas unha vez que se complete correctamente o proceso de matriculación.

2. O número máximo de cursos que se poden solicitar durante o prazo de presentación de solicitudes limítase a cinco.

3. Nas actividades impartidas na modalidade de telepresenza, a presentación da solicitude para participar nelas comportará o consentimento da persoa interesada para a gra-



vación das sesións na plataforma de telepresenza. Esta gravación terá por único fin o de poder ser empregadas polo alumnado do curso como recurso formativo e para a resolución de posibles reclamacións.

Unicamente poderá acceder ás sesións o persoal docente e o alumnado do curso, así como persoal da EGAP autorizado cos fins previstos pola normativa vixente en materia de protección de datos.

As gravacións serán borradas unha vez que remate o curso, coas únicas excepcións que estean previstas na normativa vixente en materia de protección de datos.

4. Non está permitida a realización de actividades de formación que teñan simultaneidade de horarios nunha ou varias sesións das actividades. Cando a/o alumna/o teña coñecemento de que foi seleccionada/o para un curso que teña coincidencia horaria con outro en que xa foi seleccionada/o debe renunciar a un deles. No caso de que se comprobe con posterioridade que unha persoa realizou simultaneamente varias actividades, non se lle expedirá certificación de ningunha delas, e pasará ao final das listaxes de todas as actividades formativas que solicite e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

5. Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non se axusten ao formulario de solicitude, non teñan cubertos correctamente os datos precisos para a realización do proceso de selección ou sexan presentadas fóra de prazo.

6. As persoas que oculten ou falseen datos esenciais para a selección serán automaticamente excluídas das actividades solicitadas e pasarán ao final das listaxes de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

7. As persoas interesadas en recibir mensaxes sobre o proceso de selección deberán facilitar un enderezo de correo electrónico e/ou un número de teléfono móbil.

8. As persoas solicitantes de actividades impartidas na modalidade de teleformación e/ou telepresenza deberán dispor dunha conta de correo electrónico, cuxo enderezo terán que indicar na solicitude, e dun equipo informático que cumpra os seguintes requisitos técnicos:

- Un computador con conexión á internet.
- Un navegador web actualizado.



Para as actividades impartidas na modalidade de telepresenza contarán ademais cun Manual de usuario na páxina web da EGAP, na seguinte ligazón <<https://egap.xunta.gal/formulariosrecursos>>, onde se indicará como acceder a esta plataforma de telepresenza e os compoñentes que o equipo necesita para un funcionamento básico da plataforma.

9. As persoas que necesiten acreditar circunstancias específicas (por exemplo, discapacidade) de acordo cos criterios de selección poderán remitirle á EGAP a correspondente documentación complementaria, xunto cunha copia do formulario da matrícula, ao enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>, sen prexuízo do previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro). A dita documentación deberá enviarse por unha única das vías indicadas; no caso contrario só serán considerados os datos achegados por correo electrónico. A documentación deberá presentarse dentro do prazo sinalado no punto 1 desta base.

10. A EGAP adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación das solicitudes. As dúbidas, as dificultades técnicas e as peticións de información complementaria serán atendidas a través dos números de teléfono 981 54 62 57 e 981 54 63 35, en horario de atención ao público (das 9.00 ás 14.00 horas), e do enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>.

Cuarta. *Comprobación de datos*

1. Para tramitar o procedemento consultarase automaticamente os datos das persoas interesadas necesarios para realizar o proceso de selección das actividades formativas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo expresamente e achegar os documentos que indiquen a súa situación administrativa, tipo de persoal e antigüidade na Administración.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

4. A presentación da solicitude comportará a autorización da persoa solicitante ao órgano xestor para pedir as certificacións necesarias para realizar a selección de acordo cos criterios da EGAP.



Quinta. Criterios de selección

1. Os criterios selectivos que serán empregados son os sinalados con carácter xeral na Resolución da Escola Galega de Administración Pública do 4 de xaneiro de 2008 (DOG núm. 7, do 10 de xaneiro), sen prexuízo dos criterios específicos establecidos na epígrafe «persoal destinatario» de cada actividade formativa incluída no anexo II desta resolución.

O baremo que se empregará para a selección establécese sobre unha base de 100 puntos, dos cales o 60 % estará vinculado ao número de horas de formación recibidas nos dous últimos anos e o 40 % restante, á antigüidade na Administración.

Os empates desfaranse de acordo co resultado do sorteo a que se refire o artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo (DOG núm. 58, do 25 de marzo).

2. No caso de que non haxa un suficiente número de solicitantes que cumpran os requisitos do curso, poderase completar o número de alumnos/as asignado mediante a apertura dun novo prazo público na páxina web da EGAP.

Sexta. Publicación das relacións do alumnado seleccionado

1.A EGAP publicará no enderezo <<https://egap.xunta.gal>> unha relación das persoas seleccionadas para participar en cada curso, así como un número adecuado de reservas, de acordo co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).

O prazo de presentación de alegacións será de dez días desde a súa publicación.

Entenderase que as persoas que non figuren na relación foron excluídas por algunha das razóns expresadas nas bases da convocatoria ou ocupan un posto máis afastado na listaxe de agarda.

2. Logo de transcorrer o prazo de alegacións, a EGAP publicará no enderezo <<https://egap.xunta.gal>> a listaxe definitiva de persoas admitidas no curso. Contra esta listaxe poderase interpor recurso de alzada no prazo dun mes desde a dita publicación, de acordo co disposto polos artigos 112.1, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Sétima. *Cambios ou substitucións na selección. A renuncia. A asistencia e o seguimento das actividades formativas*

1. Os cambios ou as substitucións na selección:

En ningún caso serán admitidos cambios ou substitucións entre as persoas seleccionadas.

2. A renuncia:

a) As persoas seleccionadas só poderán renunciar á actividade formativa:

- Por causa de forza maior suficientemente acreditada.
- Por necesidades do servizo debidamente motivadas por parte dos/das responsables dos centros directivos.

– Por razóns de conciliación familiar.

– Por outras causas xustificadas documentalmente.

b) A renuncia debe ser comunicada por escrito á EGAP cunha antelación de tres días naturais anteriores ao inicio da actividade formativa. Na páxina web da Escola está dispoñible un modelo de renuncia.

Para isto poderase utilizar, ademais do previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro), o enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>.

As persoas que incumpran o previsto nas alíneas a) e b) pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

3. A asistencia e o seguimento das actividades formativas:

3.1. Seguimento das actividades presenciais e telepresenciais:

a) Son obrigatorias a asistencia ás sesións da actividade formativa e mais a puntualidade.



b) Durante a actividade formativa terá lugar un control permanente de asistencia e puntualidade, incluídos controis extraordinarios.

c) As faltas de asistencia:

1º. Non poden superar en ningún caso o 10 % das horas lectivas presenciais. En todo caso, as faltas de asistencia deberán xustificarse documentalmente ante as persoas responsables da actividade formativa nun prazo máximo de 10 días contados a partir do día da finalización desta actividade. As persoas que incumpran o antedito perderán o dereito ao certificado de participación na actividade formativa.

2º. Aquelas persoas cuxas faltas de asistencia superen o 50 % das horas lectivas presenciais pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

3.2. Seguimento das actividades de teleformación e de telepresenza:

As persoas que non completen o 50 % das actividades e tarefas propostas pola titoría pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

Oitava. *Superación da actividade formativa*

Para poder superar as actividades formativas, será necesario cumprir os seguintes requisitos:

a) Para as actividades presenciais e telepresenciais: a superación dunha proba de avaliación que se realizará ao final delas.

b) Para as actividades de teleformación:

– A adecuada realización de todas as actividades que o/a titor/a propoña. Estas deben constar debidamente presentadas nos prazos estipulados na programación didáctica do curso. A non superación das actividades obrigatorias suporá a perda automática do dereito a participar no exame final.

– A superación dunha proba de avaliación final.



Ao inicio da actividade formativa publicarase o correspondente programa na plataforma de teleformación e indicaranse as probas de avaliación previstas, así como as datas en que estas terán lugar. Nestas actividades as probas de avaliación finais serán en liña. A EGAP informará a través da súa páxina web e tamén a través da plataforma de teleformación das datas concretas e das horas da proba final.

Novena. *Certificados*

Para obter o certificado de aproveitamento o alumnado deberá obter a avaliación positiva do seu profesorado, o cal emitirá un informe en que declare apto/a ou non apto/a cada alumno/a en función do resultado da proba de avaliación.

Décima. *Facultades da EGAP*

1. A EGAP resolverá aquelas incidencias que poidan producirse no desenvolvemento e na xestión das actividades formativas e pode suprimir algunha, ampliar novas edicións da programación ou programar outras actividades diferentes cando así o exixan as circunstancias que afecten a súa organización ou docencia. Tamén lle corresponde á EGAP prover canto sexa necesario para a execución e cumprimento desta resolución.

2. A execución material das actividades queda condicionada á existencia de crédito orzamentario adecuado e dispoñible e á autorización correspondente do gasto.

3. No suposto de que o número de admitidos/as sexa inferior ao 50 % das prazas convocadas, a EGAP reserva para si o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións das actividades, caso en que empregará os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente.

4. A EGAP poderá modificar os contidos, o desenvolvemento, as datas e os lugares das actividades formativas, así como resolver todas as continxencias que poidan xurdir. Todas as modificacións que afecten o desenvolvemento das actividades serán anunciadas na páxina web da Escola.

5. A EGAP garantirá na totalidade das actividades derivadas desta convocatoria a promoción da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a eliminación de calquera tipo de discriminación e o fomento dos dereitos de conciliación.





ANEXO II

Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Persoal destinatario	Modalidade. Localidade	Datas e horario	Data e hora do exame
Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas								
FC21082	A Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	16.3.2021 ao 14.4.2021	19.4.2021 16.30 h
FC21082	A Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	17.9.2021 ao 13.10.2021	18.10.2021 18.30 h
FC21084	A protección do menor ante os medios de comunicación	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	22.4.2021 ao 21.5.2021	26.5.2021 17.30 h
FC21085	A responsabilidade patrimonial da Administración pública	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	21.5.2021 ao 22.6.2021	25.6.2021 16.30 h
FC21086	A xestión da integridade nas institucións públicas	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional. Preferentemente grupos A1 e A2.	Teleformación	20.5.2021 ao 11.6.2021	17.6.2021 17.30 h
FC21087	A xurisdición contencioso-administrativa	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	19.5.2021 ao 14.6.2021	17.6.2021 18.30 h
FC21088	Aplicación práctica da Lei de contratos do sector público. A integridade e bo goberno na contratación pública	50	24	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional (grupos A1, A2, C1 e C2). Preferentemente grupos A1 e A2 que traballen nos servizos de contratación.	Teleformación	20.5.2021 ao 14.6.2021	18.6.2021 16.30 h
FC21093	Básico de subvencións e normativa aplicable	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	11.5.2021 ao 10.6.2021	16.6.2021 16.30 h





Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Persoal destinatario	Modalidade. Localidade	Datas e horario	Data e hora do exame
FC21093	Básico de subvencións e normativa aplicable	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	17.9.2021 ao 18.10.2021	21.10.2021 16.30 h
FC21100	Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	27.5.2021 ao 16.6.2021	21.6.2021 18.30 h
FC21105	Incompatibilidades do persoal empregado público de Galicia	50	18	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	24.5.2021 ao 10.6.2021	15.6.2021 16.30 h
FC21106	Incorporación de cláusulas sociais e de xénero na contratación pública	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	28.5.2021 ao 17.6.2021	22.6.2021 18.30 h
FC21110	Legalidade das actas de inspección. A función inspectora	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	4.6.2021 ao 29.6.2021	2.7.2021 17.30 h
FC21111	Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	7.4.2021 ao 26.4.2021	29.4.2021 16.30 h
FC21111	Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	13.9.2021 ao 1.10.2021	7.10.2021 17.30 h
FC21112	Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	30.4.2021 ao 19.5.2021	25.5.2021 16.30 h
FC21112	Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	22.10.2021 ao 11.11.2021	16.11.2021 16.30 h



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Persoal destinatario	Modalidade. Localidade	Datas e horario	Data e hora do exame
FC21113	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	26.4.2021 ao 19.5.2021	25.5.2021 17.30 h
FC21113	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	24.5.2021 ao 17.6.2021	22.6.2021 17.30 h
FC21113	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	18.10.2021 ao 11.11.2021	16.11.2021 17.30 h
FC21114	Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	26.4.2021 ao 19.5.2021	25.5.2021 18.30 h
FC21114	Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	18.10.2021 ao 11.11.2021	16.11.2021 18.30 h
FC21115	Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	9.4.2021 ao 29.4.2021	4.5.2021 18.30 h
FC21117	O procedemento sancionador tras a Lei 39/2015 e a Lei 40/2015, do 1 de outubro	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	3.5.2021 ao 24.5.2021	27.5.2021 18.30 h
FC21119	Os contratos do sector público	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	22.3.2021 ao 22.4.2021	28.4.2021 18.30 h
FC21119	Os contratos do sector público	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	15.9.2021 ao 14.10.2021	19.10.2021 17.30 h



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Persoal destinatario	Modalidade. Localidade	Datas e horario	Data e hora do exame
FC21121	Prestacións da Seguridade Social e cotizacións	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	10.5.2021 ao 10.6.2021	15.6.2021 18.30 h
FC21123	Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	10.5.2021 ao 4.6.2021	9.6.2021 16.30 h
FC21125	Réxime disciplinario do persoal empregado público de Galicia	50	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	6.4.2021 ao 21.4.2021	26.4.2021 17.30 h
FC21129	Permisos e licenzas do persoal empregado público. Réxime xurídico e tramitación	50	12	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	19.5.2021 ao 31.5.2021	3.6.2021 17.30 h
FC21130	Revisión dos actos en vía administrativa	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	26.4.2021 ao 21.5.2021	26.5.2021 16.30 h
FC21132	Deseño de pregos de cláusulas administrativas particulares. Especial referencia ás cláusulas sociais e ambientais	28	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Presencial Santiago de Compostela	26, 27 e 28 de abril e 3 e 4 de maio das 16.30 ás 19.30 h	4.5.2021 18.30 h
Unión Europea. Políticas públicas e procedementos comunitarios								
FC21080	A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable e a súa implementación nas administracións públicas	30	14	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Telepresenza	17 e 18 de xuño das 10.00 ás 14.00 h e das 16.00 ás 19.00 h	18.6.2021 18.00 h
FC21109	Introdución á Unión Europea e ao seu dereito	50	24	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	18.5.2021 ao 10.6.2021	15.6.2021 17.30 h



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Persoal destinatario	Modalidade. Localidade	Datas e horario	Data e hora do exame
FC21120	Os novos fondos europeos COVID. Mecanismo de recuperación e resiliencia: execución e control	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	19.4.2021 ao 19.5.2021	24.5.2021 16.30 h
FC21134	Competencia e dereito da Unión Europea: a defensa da competencia nos procesos de contratación pública	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais; da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	30.9.2021 ao 25.10.2021	28.10.2021 17.30 h
FC21135	Deseño e xestión de proxectos europeos	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	21.10.2021 ao 15.11.2021	18.11.2021 17.30 h
FC21136	Introdución ao dereito da Unión Europea para os xestores públicos	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais; da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	20.9.2021 ao 18.10.2021	21.10.2021 18.30 h
Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades								
FC21081	A calidade da redacción administrativa. Técnicas para unha boa redacción dos documentos administrativos	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	7.4.2021 ao 26.4.2021	29.4.2021 18.30 h
FC21081	A calidade da redacción administrativa. Técnicas para unha boa redacción dos documentos administrativos	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	15.9.2021 ao 4.10.2021	7.10.2021 18.30 h



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Persoal destinatario	Modalidade. Localidade	Datas e horario	Data e hora do exame
FC21083	A nova regulación do teletraballo	20	10	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais comprendidas na letra a) do artigo 45 da Lofaxga.	Mixto	22.3.2021 ao 25.3.2021. Clases presenciais: 22 e 25 de marzo das 16.30 ás 19.30 h na EGAP	25.3.2021 18.30 h
FC21083	A nova regulación do teletraballo	20	10	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais comprendidas na letra a) do artigo 45 da Lofaxga.	Mixto	19.4.2021 ao 22.4.2021. Clases presenciais: 19 e 22 de abril das 16.30 ás 19.30 h na EGAP	22.4.2021 18.30 h
FC21083	A nova regulación do teletraballo	20	10	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais comprendidas na letra a) do artigo 45 da Lofaxga.	Mixto	7.6.2021 ao 10.6.2021. Clases presenciais: 7 e 10 de xuño das 16.30 ás 19.30 h na EGAP	10.6.2021 18.30 h
FC21083	A nova regulación do teletraballo	20	10	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais comprendidas na letra a) do artigo 45 da Lofaxga.	Mixto	18.10.2021 ao 21.10.2021. Clases presenciais: 18 e 21 de outubro das 16.30 ás 19.30 h na EGAP	21.10.2021 18.30 h
FC21089	Atención á cidadanía	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	15.3.2021 ao 14.4.2021	19.4.2021 17.30 h
FC21089	Atención á cidadanía	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	13.9.2021 ao 7.10.2021	14.10.2021 17.30 h
FC21094	Cambio e motivación nas organizacións	50	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	6.4.2021 ao 21.4.2021	26.4.2021 18.30 h
FC21095	Como deseñar presentacións eficaces	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	20.5.2021 ao 10.6.2021	16.6.2021 17.30 h
FC21096	Como empregar metodoloxías áxiles no meu posto de traballo	25	12	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Telepresenza	5, 12, 19 e 26 de maio das 16.00 ás 19.00 h	26.5.2021 18.00 h





Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Persoal destinatario	Modalidade. Localidade	Datas e horario	Data e hora do exame
FC21097	Como mellorar a xestión do tempo no teletraballo	30	10	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Telepresenza	13, 15, 20 e 22 de abril das 16.30 ás 19.00 h	22.4.2021 18.00 h
FC21098	Comunicación interpersonal e asertividade. Escoita activa e empatía	35	12	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Telepresenza	15, 16, 22 e 24 de marzo das 16.30 ás 19.00 h 17 de marzo das 16.30 ás 18.30 h	24.3.2021 18.00 h
FC21099	Correo electrónico corporativo	50	12	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional con correo electrónico Outlook Web (OWA) corporativo e acceso á internet.	Teleformación	22.3.2021 ao 8.4.2021	14.4.2021 16.30 h
FC21099	Correo electrónico corporativo	50	12	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional con correo electrónico Outlook Web (OWA) corporativo e acceso á internet.	Teleformación	27.9.2021 ao 8.10.2021	14.10.2021 18.30 h
FC21101	Diagnóstico do clima organizacional. A optimización do recurso humano	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	10.5.2021 ao 10.6.2021	15.6.2021 16.30 h
FC21102	Faite entender: a comunicación positiva e a arte de ler entre liñas	30	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Telepresenza	24, 25, 26, 27 e 31 de maio das 17.00 ás 19.00 h, 1 de xuño das 17.00 ás 19.00 h, 2 de xuño das 17.00 ás 20.00 h	2.6.2021 19.00 h
FC21103	Ferramentas da linguaxe xestual, corporal e oral. Técnicas de comunicación para falar en público	20	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Presencial Santiago de Compostela	5, 7, 12, 14 e 19 de abril das 16.30 ás 19.30 h	19.4.2021 18.30 h
FC21104	Grupo versus equipo. Equipos de alto rendemento	35	12	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Telepresenza	6, 7, 12 e 13 de abril das 16.30 ás 19.00 h, 8 de abril das 16.30 ás 18.30 h	13.4.2021 18.00 h



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Persoal destinatario	Modalidade. Localidade	Datas e horario	Data e hora do exame
FC21107	Iniciación ao protocolo	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	27.5.2021 ao 17.6.2021	22.6.2021 16.30 h
FC21108	Innovación e creatividade na Administración pública	30	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Telepresenza	6, 8, 13, 15, 20, 22 e 27 de abril das 16.30 ás 19.30 h, 29 de abril das 16.30 ás 20.30 h	29.4.2021 19.30 h
FC21116	Marca persoal na Administración pública	35	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Telepresenza	3, 4, 5, 10 e 11 de maio das 16.30 ás 19.30 h	11.5.2021 18.30 h
FC21118	Organización e simplificación do traballo administrativo	50	12	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	22.3.2021 ao 8.4.2021	14.4.2021 17.30 h
FC21118	Organización e simplificación do traballo administrativo	50	12	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	17.9.2021 ao 30.9.2021	6.10.2021 18.30 h
FC21122	Prevenición e xestión de conflitos	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	12.4.2021 ao 6.5.2021	11.5.2021 18.30 h
FC21122	Prevenición e xestión de conflitos	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	4.10.2021 ao 8.11.2021	15.11.2021 16.30 h
FC21128	Xestionar e coordinar equipos de traballo en remoto	30	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Telepresenza	18, 20, 25 e 27 de maio e 1 de xuño das 16.30 ás 19.30 h	1.6.2021 18.30 h
FC21131	Técnicas elementais de arquivos	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	26.4.2021 ao 21.5.2021	26.5.2021 18.30 h



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Persoal destinatario	Modalidade. Localidade	Datas e horario	Data e hora do exame
FC21131	Técnicas elementais de arquivos	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	28.9.2021 ao 22.10.2021	27.10.2021 16.30 h
Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa								
